

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 21 DE OUTUBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de San Cibrao das Viñas para o proxecto de pavimentación da rúa As Corgas na Castellana, da estrada vella en Reboredo e do acceso á Carballeira, por un importe total de douscentos mil sesenta e sete euros con noventa e seis céntimos (200.067,96 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación de melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova, Viveiro (Lugo), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU, por importe de novecentos oitenta e catro mil seiscentos noventa e sete euros con corenta e sete céntimos (984.697,47 €).
- Acordo polo que se dá conta do informe das actuacións de Augas de Galicia para previr e minimizar o risco de asolagamento nas áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do grupo IV, incluídas no Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica Galicia-Costa para o período 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación da Fundación Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), mediante o procedemento restrinxido, suxeito á regulación harmonizada, anticipado de gasto e tramitación urgente, para a redacción do proxecto básico e de execución, e a construción do novo edificio de Datacenter, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU, polo importe de dez millóns novecentos vinte tres mil cento sete euros con corenta e dous céntimos, IVE incluído (10.923.107,42 €), e un valor estimado de once millóns seiscientos oitenta e tres mil novecentos sesenta e un euros con oitenta e un céntimos (11.683.961,81 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade para adquirir compromisos de carácter plurianual e establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, con respecto á Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas para compensar os gastos do servizo de comedor das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social para o curso 2024/25, e se procede á súa convocatoria. Importe: un millón doucentos trinta e sete mil cento tres euros (1.237.103 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e complementariamente, a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan situación de violencia de xénero; e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. Importe: corenta e cinco mil cincocentos euros (45.500 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre, para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción do software libre e de fontes abertas, e o uso de estándares abertos en Galicia, por un importe total de sesenta mil euros (60.000 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación por Xestur Galicia, S.A dos contratos de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para o cambio de uso de locais que se destinarán á construción de 12 vivendas de promoción pública (VPP) e rochos, na primeira planta dun edificio existente na rúa Ponte Pielas, Freixeiro, Narón (A Coruña); de dúas vivendas de promoción pública e rochos nos locais C1 e B2 de Rafael Dieste (1 a 11) de Ourense, e de catro vivendas de promoción pública e rochos nos bloques 1 e 3 da parcela 13 de Valdecorvos (Pontevedra), por lotes.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Culturgal, para o desenvolvemento da décimo sétima edición da Feira das industrias culturais de Galicia-Culturgal 2024, por importe de oitenta e cinco mil euros (85.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se dá conta do pagamento dos anticipos das axudas directas da política agraria común (PAC) de 2024.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a subscripción de convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para o estudo dos efectos da carga do cultivo de moluscos sobre as rías galegas, por un importe total de catrocentos dez mil setenta e sete euros con cincuenta céntimos (410.077,50 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a concesión de axudas para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo norte á cidade de Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a supervivencia ao cancro de mama en Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre as feiras do libro en Galicia e internacionais. Evolución 2022-2024.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o apoio da Xunta de Galicia á integración laboral das persoas con discapacidade.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 e á apertura do prazo para a adhesión dos comercios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORA OS ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS COA VÍA DA PRATA NA SÚA POLÍTICA DE INCREMENTAR OS ATRACTIVOS DOS DISTINTOS CAMIÑOS

O Consello da Xunta de Galicia autoriza un convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de San Cibrao das Viñas para actuar en varias zonas próximas ao trazado xacobeo

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense) para levar a cabo as obras de pavimentación da rúa As Corgas na Castellana, da estrada vella en Reboredo e do acceso á Carballeira. As tres vías atópanse nas inmediacións da Vía da Prata, polo que os peregrinos que realicen este Camiño sumarán a visita a estes elementos patrimoniais na súa experiencia. O custo total das actuacións ascende a 200.067,96 euros, dos cales a Xunta achegará o 85 % do total.

As obras que se van realizar no Concello de San Cibrao veñen sumar atractivos ao Camiño de Santiago, concretamente á Vía da Prata, potenciando os valores turísticos dos concellos polos que pasan as distintas rutas. Turismo de Galicia reforza así a súa aposta por diversificar e repartir a chegada dos peregrinos nos diferentes itinerarios. No que vai de 2024, a Vía da Prata foi percorrida por máis de 8.300 persoas, o que se traduce nun incremento do 14 % con respecto ao mesmo período de 2023.

As actuacións que se realizarán en San Cibrao pretenden potenciar así un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e gozo da contorna por parte dos veciños e visitantes, ao mesmo tempo que se fomenta o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Segundo o convenio autorizado hoxe, o Concello de San Cibrao das Viñas comprométese a desenvolver as actuacións de mellora e xustificar posteriormente a súa realización, ademais de sinalizar as obras facendo constar a colaboración prestada pola Xunta de Galicia.

Enmárcase nos obxectivos do Plan director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2027, que inclúe medidas que afonden na posta en valor de todos os itinerarios xacobeos, a conservación do seu patrimonio e o seu impulso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA PRETO DE 11 M€ EN CINCO OBRAS PARA PREVER O RISCO DE ASOLAGAMENTO EN VARIOS CONCELLOS E AVANZA NAS PROPOSTAS PARA OUTRAS 40 ZONAS SENSIBLES

- Augas de Galicia ultima tamén os convenios de colaboración con media ducia de gobernos locais para intervir en áreas con este mesmo problema ao tempo que ten propostas para actuar noutra trintena de espazos sensibles
- O Executivo autonómico autorizou hoxe a sinatura do acordo para mellorar o estado da contorna do río Fontecova, en Viveiro, cun investimento da Administración galega de 600.000 euros para facer fronte aos episodios derivados das intensas choivas
- O Plan de xestión de risco de inundacións 2021-2027 cataloga 47 áreas galegas como de elevado risco de desbordamento e inclúe medidas preventivas e correctoras que suman un orzamento de máis de 100 millóns de euros
- O Goberno galego desenvolve a planificación vixente neste eido ao tempo que traballa na elaboración do documento correspondente ao período 2028-2033

A Xunta de Galicia está a mobilizar preto de 11 millóns de euros en cinco actuacións para prever o risco de asolagamento en varios concellos galegos e minimizar o posible impacto na poboación, nas actividades económicas e industriais ou nas zonas protexidas existentes na contorna. Son obras desenvolvidas ao abeiro do Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica Galicia-Costa para o período 2021-2027.

O Executivo galego analizou hoxe os proxectos que Augas de Galicia está a executar na actualidade, así como os previstos proximamente. Deles, ademais dos cinco xa en marcha, hai media ducia en que os convenios de colaboración cos concellos xa teñen a tramitación moi avanzada -a sinatura farase proximamente- e noutra trintena, completáronse recentemente os estudos e as correspondentes propostas de actuación para facer fronte aos episodios derivados das intensas choivas que provocan o desbordamento das canles fluviais.

Entre as actuacións en marcha, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), destacan as do Concello de Carballo, para reducir o risco de asolagamento do río Anllóns, que contan cun investimento de máis 6,3 millóns de euros. Mentres, os traballos para a drenaxe na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns, en Gondomar, contan cun orzamento que supera os 2,5 millóns de euros.

A elas engádense as obras do convenio con Valga para reducir o risco de inundación dos ríos Ulla e Sar, con 1,2 millóns de euros de investimento, as do acordo co Concello de Oia para a mellora do comportamento hidráulico do río Viladesuso (preto de 390.000 euros) e as do Concello de Catoira para minimizar os asolagamentos provocados tamén polos ríos Ulla e Sar, por importe de arredor de 365.000 euros.

Na mesma liña, co obxectivo de prever e reducir o impacto das enchentes, o Executivo galego está a finalizar os convenios de colaboración para actuar noutra media ducia de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

zonas inundables. De feito, o Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do primeiro deles -entre Augas de Galicia, o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial- para mellorar a capacidade hidráulica do leito do río Fontecova nun tramo duns 280 metros de lonxitude, pois provoca asolagamentos no núcleo da Tafona.

O acordo, que estará vixente ata finais de 2026, conta cun orzamento de máis de 980.000 euros cofinanciado con fondos da Unión Europea a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-NextgenerationEU dos que a Xunta alcanzará 600.000 euros e as entidades locais os fondos restantes. Nesta zona inundable atópanse vivendas en ambas as marxes da canle fluvial, polo que os traballos contribuirán a mellorar as condicións de vida da veciñanza.

A maiores dos proxectos xa en marcha ou pendentes da sinatura de convenios de colaboración cos correspondentes concellos, Augas de Galicia rematou recentemente os estudos e a elaboración de propostas específicas para corrixir os asolagamentos noutra trintena de zonas de Galicia consideradas de elevado risco de inundación. Polo tanto, proximamente contactarase coas entidades locais para planificar posibles actuacións.

Estudo de riscos

Todo este labor é o resultado do Plan de xestión do risco de inundación (PXRI) da demarcación hidrográfica Galicia-Costa para o período 2021-2027, en que hai identificadas un total de 170 áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) fluvial -que suman 548 quilómetros de río- e 28 ARPSI costeiras, cunha lonxitude de 160 quilómetros.

Esas zonas con risco de inundación repártense en catro grupos, en función do maior ou menor risco, e no cuarto inclúense os casos máis graves, que é nos que está a actuar Augas de Galicia da man das administracións locais. De feito, o plan actual (2021-2027) cataloga 47 zonas no grupo IV e establece un programa de medidas de actuación que conta cun orzamento de máis de 100 millóns de euros.

Os plans de xestión do risco de inundación, que se elaboran cada seis anos, son o resultado dun exhaustivo estudo en tres fases das zonas máis sensibles a episodios de intensas choivas da demarcación Galicia-Costa. A primeira desas fases consiste en determinar as áreas do territorio en que hai un risco potencial significativo de inundación, é dicir, nas cales ese risco se considera probable.

O segundo paso é a elaboración de mapas de perigosidade e risco de inundación nos cales se establece o posible alcance deses asolagamentos atendendo a distintos escenarios ao mesmo tempo que se fai unha relación dos elementos susceptibles de se ver afectados por eles, como poden ser, entre outros, a poboación, as actividades económicas e industriais, zonas protexidas, monumentos, colexios ou hospitais. Mentres, na última fase elabórase o plan, que define as liñas básicas para previr e minimizar os riscos.

Todo este traballo é constante e realízase en colaboración coas autoridades de Protección Civil, da Administración xeral do Estado e doutros órganos competentes,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tanto da Comunidade Autónoma como da Administración local. Bo exemplo dese traballo en continuo é que a Xunta de Galicia, ao tempo que traballa na execución do plan 2021-2027, xa iniciou a tramitación de cara á elaboración do PRXI para o período 2028-2033.

No documento definitivo adoitan identificarse as medidas de prevención -de ordenación do territorio ou de planificación urbanística-, de protección -principalmente a restauración fluvial ou actuacións para dar maior espazo aos ríos-, de preparación -como os plans municipais de protección civil ou o sistema de predición de inundacións da Xunta Merlín- e de recuperación. Son actuacións que as distintas administracións deben executar de acordo coas competencias que teñen atribuídas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO EDIFICIO DO CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

- Levantarase cun investimento de máis de 12 M€ nunha superficie de máis de 9.100 metros cadrados, propiedade do Goberno galego
- Trátase do primeiro investimento dos catro que se levarán a cabo ata os 56 M€ para posicionar este centro como referente a nivel nacional e internacional

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a autorización do expediente de contratación do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) para a redacción do proxecto básico e de execución e a construción dun novo edificio. Trátase dunha obra que terá un investimento de máis de 12 M€ e que albergará novas infraestruturas tecnolóxicas avanzadas. Este é o primeiro dos catro investimentos que o Goberno galego levará a cabo para posicionar a Comunidade como referente a nivel nacional e internacional no eido da computación cuántica e que suman un total de 56 M€.

Concretamente, o Goberno galego construírá este edificio nunha parcela da súa propiedade no polígono da Sionlla, en Santiago de Compostela, que estará á disposición de toda a comunidade científica e das empresas. O centro, que estará listo en xuño de 2026, suporá un importante incremento da capacidade de cálculo e almacenamento científico do Cesga, o que permitirá avanzar máis rapidamente na xeración de coñecemento e na innovación. A licitación sairá por 10,9 M€, orzamento ao cal se sumarán outros conceptos que elevarán o investimento do edificio a máis de 12 M€.

Este investimento forma parte do maior orzamento realizado neste centro ao longo da súa historia, co obxectivo de que sexa un referente a nivel nacional e internacional. Realizarase con fondos europeos e con fondos do Goberno galego tras lograr captar 47,4 M€ procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia, no marco do PERTE CHip. De feito, Galicia é a comunidade que consegue unha maior achega entre todos os membros da Rede Española de Supercomputación (RES), formada por 14 nodos distribuídos por todo o Estado, que recibe, no seu conxunto, 63 millóns de euros. É dicir, que Galicia capta o 75 % dos fondos repartidos en toda España.

Para poder levar a cabo todas as actuacións do proxecto, a Xunta de Galicia incrementa o orzamento nun 20 %, posibilitando o impulso do Cesga no seu liderado internacional. Ademais desta achega, dispón do solar do polígono da Sionlla en que se construírá o novo centro co fin de poñer en funcionamento este servizo nos prazos establecidos.

O edificio, en que se destinarán máis de 12 M€, situarase nun soar cunha superficie de máis de 9.100 metros cadrados e terá unha superficie construída de 2.500 metros cadrados, que cumpre con todos os requirimentos imprescindibles para o seu funcionamento. Pola natureza singular do proxecto, e de cara a unha futura ampliación e adaptación á súa evolución, é necesario realizar un deseño integrado que aliñe todos os aspectos interrelacionados entre si. Deste xeito, a disposición da nova sede terá en conta os sistemas construtivos e as instalacións, pero tamén aspectos de planificación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do espazo, a funcionalidade de cada subsistema e a seguridade das persoas e dos equipamentos, entre outras características.

Respecto ao aspecto máis arquitectónico, e no que atinxe á estética do novo edificio, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional busca convertelo nun referente non só en canto á súa funcionalidade, senón tamén a nivel estético, sen esquecer no proceso aspectos tan importantes coma os ambientais e de eficiencia enerxética.

Ampliación das capacidades do Cesga

O obxectivo deste investimento é reforzar o Cesga, dependente da Xunta de Galicia e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), como un centro de referencia no ámbito nacional e europeo, que estea á vangarda en infraestruturas de computación, así como no coñecemento sobre tales infraestruturas. Para iso, ademais da nova sede, están previstas unha serie de actuacións para mellorar a calidade dos servizos ofrecidos á comunidade científica e tecnolóxica coa dotación de novas infraestruturas.

O Cesga contará cun novo supercomputador, o Finisterrae IV, que proporcionará unha potencia computacional adicional cubrindo necesidades de intelixencia artificial, entre outras, e ao que se destinarán 18,6 M€. Tamén se ampliará a capacidade de almacenamento do centro mediante unha nova infraestrutura que permitirá almacenar gran cantidade de datos de modo permanente e presentar servizos de datos avanzados, á cal se destinarán 7,8 M€. Completarase a oferta actual do Cesga en computación cuántica con novas capacidades que impulsen o desenvolvemento do ecosistema de computación cuántica e favorezan o seu liderado internacional, o que contará cun investimento de 18 M€.

As novas infraestruturas serán localizadas no novo edificio do polígono da Sionlla, que será complementario ao centro de procesamento de datos actual do Cesga situado no campus universitario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA CON MÁIS DE 1,2 M€ O SERVIZO DE COMEDOR DAS ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL

- Estes centros poderanse acoller aos prezos para este servizo que rexe para as escolas infantís da rede pública autonómica
- As familias aboarán o comedor en función da renda, cun máximo para pagar de 74 euros mensuais, e será gratuíto para aquelas con menos ingresos

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria de axudas destinadas a financiar o servizo de comedor das escolas infantís de iniciativa social, nas cales a atención educativa xa é 100 % gratuíta para todas as familias usuarias. O orzamento desta liña de subvencións para o curso 2024/25 supera os 1,2 millóns de euros.

Esta orde de achegas permite que estas escolas dependentes de entidades sociais sen ánimo de lucro oferten o servizo de comedor a prezos reducidos, é dicir, co mesmo custo que rexe para as escolas infantís da rede pública autonómica.

A través desta convocatoria, que en vindeiros días se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), as familias que levan os seus fillos a estes centros pagarán o comedor en función das súas rendas. Así, o prezo máximo que terán que aboar son 74 euros mensuais, e as familias con menos ingresos terán o comedor gratuíto.

No curso pasado acolléronse a esta orde de achegas 43 centros de 0 a 3 anos dependentes de entidades sociais sen ánimo de lucro, e sumaron un total de 2.172 prazas.

Apoio aos fogares

Esta actuación enmárcase na aposta do Goberno galego por apoiar as familias na crianza dos fillos, con medidas como a gratuidade para todo o alumnado do 100 % das escolas infantís, sexan públicas, de iniciativa social ou privadas; ou a Tarxeta Benvida, que permite sufragar os gastos que supón a chegada dun novo membro á familia.

Outras iniciativas neste ámbito son: o bono Concilia Familia, para as familias en que os proxenitores traballan e teñen que contratar un servizo de conciliación a domicilio ou un campamento; e as casas niño, que ofrecen unha atención gratuíta a máis de 500 familias que viven en concellos rurais onde non hai unha escola infantil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA EN MÁIS DE 45.000 € O CONVENIO CO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- Elévase o orzamento do programa para este ano 2024 a 432.500 euros, máis dun 12 % de suba con respecto ao exercicio pasado
- Prevese atender a máis de 1.300 persoas, entre mulleres agredidas, as súas fillas e fillos, outras persoas da contorna familiar e homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar

O Goberno galego incrementa en 45.000 euros o orzamento do convenio de colaboración que a Consellería de Política Social e Igualdade ten co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención a vítimas de violencia de xénero. Con esta ampliación do crédito, aprobada esta mañá no Consello da Xunta, o investimento total acada os 432.500 euros neste ano 2024, e supera en máis dun 12 % a dotación económica destinada a esta finalidade o ano exercicio pasado.

Co financiamento deste programa, a Xunta apoia a recuperación das vítimas da violencia de xénero mediante o apoio psicolóxico ás mulleres e aos menores que a padecen, así como a outras persoas da contorna familiar afectadas. Dispénsase tamén apoio a homes que desexan reconducir as súas actitudes violentas no ámbito familiar.

Ademais, o convenio inclúe a cobertura da asistencia domiciliaria urxente no caso de morte ou agresións especialmente graves, e a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias. Así mesmo, garántese o acceso a persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Estímase que se poidan beneficiar deste acordo ao longo deste ano máis de 1.300 persoas, entre mulleres vítima da violencia de xénero, as súas fillas e os fillos menores, outras persoas do ámbito familiar e homes con problemas de control da violencia. Desde 2009 beneficiáronse deste programa 12.417 persoas, máis da metade mulleres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA COLABORA CON AGASOL PARA PROMOVER O USO DO SOFTWARE LIBRE NO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe un acordo que asinarán proximamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica e a Asociación Galega de Empresas de Software libre
- Permitirá, entre outras actuacións, elaborar material didáctico sobre a importancia do software libre e os datos abertos nos sistemas de IA e a realización dunha xornada sobre a Lei europea de ciberresiliencia

A Xunta de Galicia renova o seu compromiso a prol do software libre a través dun convenio de colaboración que asinarán proximamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (Agasol). O Consello do Goberno galego autorizou hoxe este acordo cun orzamento de 60.000 euros para o período 2024-2025.

O convenio recolle catro liñas de actuación para a promoción, capacitación e difusión do uso do software libre entre o tecido empresarial galego, fundamentalmente, pero tamén para a sociedade en xeral. Unha das actuacións previstas é a elaboración de material multimedia sobre o papel do software libre e os datos abertos nos sistemas de intelixencia artificial, os dereitos de autoría vinculados á IA, a regulación europea específica neste ámbito ou a capacidade de innovación na IA a través do software libre.

Ademais, a colaboración entre a Axencia e Agasol prevé a realización dunha xornada sobre a Lei de ciberresiliencia da Unión Europea e as súas implicacións para as empresas galegas, e o fomento da localización ao galego da documentación e as interfaces das ferramentas de software libre para facilitar o seu uso entre as empresas da Comunidade. O acordo tamén prevé consolidar un encontro periódico de referencia arredor do software libre.

A sinatura deste convenio enmárcase no Plan de acción de software libre, impulsado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica desde hai máis dunha década, que se renova cada ano en colaboración cos axentes do sector para promover o seu uso e a reutilización na Administración pública, impulsar unha oferta de solucións libres e de calidade para as empresas e incrementar o uso e coñecemento do software libre por parte da sociedade.

Este ano o plan abrangue, entre outras, actividades que van dende a tradución de software libre, a organización de xornadas, cursos, obradoiros, o fomento do software libre en proxectos de cooperación ou solidariedade social, a introdución á robótica educativa con software e hardware libre ou a formación en software libre nas universidades. En 2023 o plan sumou máis de 80 actividades, nas cales participaron máis de 2.800 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFORMACIÓN DE 18 LOCAIS DA SÚA PROPIEDAD EN VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NOS CONCELLOS DE NARÓN, OURENSE E PONTEVEDRA

- Rueda salienta que “é a primeira vez” que a Xunta autoriza unha conversión deste tipo en locais da súa propiedade, o que permite avanzar no compromiso de “duplicar” o parque público residencial esta lexislatura
- Enmárcase no decreto aprobado en 2023 que facilita dar unha nova vida a baixos comerciais sen modificar o PXOM sempre que cumpran as normas de habitabilidade e estean en edificios residenciais
- No municipio de Narón trátase de impulsar a execución de 12 vivendas protexidas na primeira planta dun edificio situado na rúa Ponte Pielas, en Freixeiro
- Na cidade de Ourense propónse a redacción do proxecto para executar dúas vivendas nos locais C1 e B2 da rúa Rafael Dieste (1 á 11)
- En Pontevedra trátase de construír catro vivendas de promoción pública nos locais situados nos bloques 1 e 3 da parcela 13 de Valdecorvos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello deu o visto e prace á licitación dos contratos de redacción dos proxectos para transformar 18 locais en vivendas de promoción pública nos concellos de Narón, Ourense e Pontevedra. “É a primeira vez que a Xunta inicia os trámites para converter locais da súa propiedade en inmobles protexidos”, resaltou o presidente que asegurou que se trata de espazos “que levan moito tempo desocupados”.

Esta medida enmárcase no obxectivo do Executivo de “duplicar” o parque público residencial nesta lexislatura “ao pasar de 4.000 a 8.000 inmobles” e tómase ao abeiro do decreto aprobado a finais de 2023 que permite que comercios ou baixos que dan a rúa podan ser vivendas sen necesidade de modificar o PXOM sempre que cumpran con varios requisitos. Entre eles, estar en edificios residenciais ou cumprir coas normas de habitabilidade.

A licitación autorizada hoxe no Consello da Xunta suporá un investimento autonómico que rolda os 200.000 euros e inclúe os contratos de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para o cambio de uso de locais que se destinarán á construción de máis vivendas de promoción pública nestes tres municipios.

En concreto, no municipio de Narón trátase de impulsar a execución de 12 vivendas protexidas na primeira planta dun edificio existente na rúa Ponte Pielas, en Freixeiro.

Na cidade de Ourense, baixo este contrato propónse a redacción do proxecto para executar dúas vivendas nos locais C1 e B2 da rúa Rafael Dieste (1 á 11).

En Pontevedra, trátase de construír catro vivendas de promoción pública nos locais situados nos bloques 1 e 3 da parcela 13 de Valdecorvos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia licitará nas vindeiras semanas estes contratos autorizados hoxe polo Executivo autonómico.

O obxectivo da Xunta é contribuír a reforzar a oferta residencial en contornas urbanas, que adoitan concentrar a maior demanda. Con esta nova contratación, o Goberno galego segue impulsando a construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e as súas áreas de influencia, ademais de incrementar o parque de vivenda na comunidade autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONTRIBÚE CON 85.000 EUROS Á ORGANIZACIÓN DA 17ª FEIRA CULTURGAL

- O Consello aproba o convenio coa asociación homónima para o desenvolvemento deste encontro, que reunirá público e profesionais da cultura galega do 29 de novembro ao 1 de decembro en Pontevedra
- Esta colaboración esténdese á promoción directa de diferentes actividades tanto no expositor institucional como noutros espazos do recinto feiral

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio anual coa Asociación Culturgal por importe de 85.000 euros para a organización da 17ª edición da feira homónima, que reunirá público e profesionais das industrias creativas galegas no Pazo da Cultura de Pontevedra do 29 de novembro ao 1 de decembro. Revalídase deste xeito a colaboración económica do Goberno galego con este encontro, cun progresivo incremento desta axuda nos últimos anos en consonancia co propio crecemento do evento.

Así, en 2024 o convenio volve dotarse coa mesma contía que en 2023, ano en que experimentou un aumento superior ao 30 %. Esta cifra consolida o papel da Xunta de Galicia como principal entidade patrocinadora de Culturgal, o que apoia desde as súas orixes e ao que tamén contribúe cada ano mediante a organización directa de diferentes actividades tanto no expositor institucional como noutros espazos do recinto feiral.

Na súa 17ª edición, a Feira das culturas galegas-Culturgal avanzará no proxecto emprendido o ano pasado pola súa nova dirección, no sentido de establecer conexións coa comunidade creativa e de incrementar a implicación activa de entidades de todo o territorio galego. Na súa dobre vertente, como evento para profesionais e para o público xeral, refórzase o seu papel na difusión dos produtos e servizos culturais galegos de cara á cidadanía, pero tamén como oferta cultural e lúdica para todas as idades cunha ampla programación de concertos, representacións escénicas, proxeccións audiovisuais, sinaturas de libros ou coloquios, entre outras actividades.

Culturgal é o proxecto cultural galego coa rede máis ampla de colaboradores asociativos e empresarias implicados na súa organización, que corre a cargo do colectivo integrado pola Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Dedicadas á Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet) e Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ADIANTARÁ UN MES O PAGO DE 45 M€ DE ANTICIPO DA PAC A GANDEIROS E AGRICULTORES

- Explica que isto é posible porque a Comisión Europea permite recibir un adianto "do 70%", fronte ao 50% doutros anos
- Resalta que serán 10 M€ para vacún de carne e 35 M€ para vacún de leite
- A conselleira do Medio Rural subliña que se trata "da contía máis alta dos últimos catro anos" que será aboada a vindeira semana
- Os pagamentos restantes da campaña 2024 terán que ser aboados a partir do día 1 de decembro, de maneira que o prazo final sexa, como moi tarde, o 30 de xuño de 2025

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai "aboar cun mes de adianto" 45 millóns de euros das axudas da Política Agraria Común aos produtores do agro galego. En concreto, trátase do anticipo dos pagamentos directos da PAC referentes á solicitude única de 2024 e, tal e como explicou, se destinarán "10 millóns de euros para vacún de carne", mentres que "os 35 millóns de euros restantes serán para vacún de leite".

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, lembrou que se trata "da contía máis altas dos últimos catro anos" e das poucas veces en que se adianta este pagamento ao mes de outubro -terá lugar na vindeira semana-, xa que en 2023 e 2022, por exemplo, o anticipo non se executou ata finais do mes de novembro. Outra das novidades, segundo explicou Rueda, é que, debido á autorización da Comisión Europea, supón un "adianto do 70%, en lugar do 50% que viña sendo habitual nos últimos anos", co obxectivo de dotar de maior liquidez os agricultores e gandeiros.

O obxectivo é que os beneficiarios conten cun fluxo de efectivo para facer fronte aos seus gastos operativos durante o presente ciclo agrícola. O resto de pagamentos directos da campaña 2024 terán que ser aboados obrigatoriamente a partir do día 1 de decembro, de maneira que o prazo final de pagamento sexa, como moi tarde, o 30 de xuño de 2025. Trátase dunha importante inxección económica para o vacún de leite e de carne, que representa máis do 75% das solicitudes da PAC.

As axudas da PAC están financiadas a través do Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e, logo da resolución de axudas presentadas, as comunidades autónomas poden realizar o pagamento anticipado entre o 16 de outubro e o 30 de novembro.

O pagamento adicional de 2023

Cómpre lembrar que recentemente os agricultores e gandeiros galegos que fixeron a solicitude única de 2023 percibiron algo máis de tres millóns de euros adicionais das axudas da PAC, correspondentes aos fondos adicionais da axuda básica á renda para a sustentabilidade que responden ao incremento rexistrado tras a repartición de remanentes a nivel nacional. Esta axuda ten o obxectivo de apoiar unha renda agrícola viable e a resiliencia do sector agrícola en todo o territorio da Unión Europea, co fin de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mellorar a seguridade alimentaria a longo prazo e a diversidade agrícola, así como de garantir a sustentabilidade económica da produción agrícola da UE. Os diferentes pagamentos benefician anualmente en Galicia uns 23.200 solicitantes, que na última campaña xa rematada percibiron, en conxunto, máis de 215 millóns de euros.

A política agraria común

A PAC é unha política agraria común a todos os países da Unión Europea que se dirixe fundamentalmente ao sector agrario e ao medio rural. Esta política ofrece un firme apoio a agricultores e gandeiros e trata de proporcionarlles un nivel de vida razoable. Por tanto, a PAC ofrece estabilidade nos ingresos, proporciona seguridade e mellora a rendibilidade do sector agrario. Desta maneira, o apoio da PAC favorece o mantemento da actividade agraria, en particular, pero tamén do sistema alimentario no seu conxunto.

Ademais, esta política define as condicións que permiten que o sector agrario cumpra as súas importantes funcións proporcionando beneficios, xa non só para o sistema agroalimentario, senón tamén para os consumidores e a sociedade en xeral. Os seus principais beneficios residen na subministración de alimentos acorde ás exixencias dos consumidores, a conservación do ambiente e a loita contra o cambio climático; así como a fixación de poboación e xeración de emprego no medio rural e a xeración indirecta de traballo no sistema agroalimentario.

As axudas da PAC chegan cada ano a máis de “23.000 gandeiros e agricultores” galegos, segundo indicou Rueda. Pola súa banda, a conselleira do Medio Rural destacou que co anticipo do pago das achegas, a Xunta “cumpre co sector primario” que “é sinónimo de modernización, innovación e calidade de vida”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINA UN CONVENIO COA USC PARA ANALIZAR A IDONEIDADE DA CAPACIDADE DE CARGA DO CULTIVO DE MOLUSCOS SOBRE AS RÍAS GALEGAS

- O convenio recolle unha financiación plurianual de máis de 410.000 euros e recolle que a actividade investigadora se prolongará ata o ano 2026, cando se presentará o informe cos resultados finais
- Os traballos desenvolveranse inicialmente nas rías de Arousa e Muros-Noia, por seren as que presentan maior e menor intensidade de explotación acuícola respectivamente, nelas realizaranse mostraxes das zonas interna, media e externa
- Nesta investigación están implicados o Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global (IARCUS) e o centro de investigación Cretus, dependentes da Universidade de Santiago de Compostela

Hoxe o Consello da Xunta de Galicia autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun estudo sobre a idoneidade da capacidade e dos efectos da carga de cultivo de moluscos sobre as rías galegas. O obxectivo é coñecer o efecto que os polígonos dedicados aos cultivos de mexillón poden ter sobre a calidade do ecosistemas das rías galegas avaliando tanto o seu efecto depurador como concentrador de contaminantes químicos, orgánicos e microbianos. Ademais, tamén se queren coñecer os efectos sobre a calidade do ambiente sedimentario e da auga así como a dispoñibilidade de recurso alimentario propia e para outras especies.

O acordo recolle unha financiación plurianual de máis de 410.000 euros e recolle a actividade investigadora que se prolongará ata o ano 2026, cando se presentará o informe cos resultados finais. Para iso procederase á modelización do efecto de captación e dispersión de contaminantes desde os polígonos de cultivo de mexillón a outras áreas das rías. Tamén se avaliará o efecto do cultivo de mexillón sobre a composición e os procesos bioxeoquímicos definitorios da calidade do ambiente sedimentario mariño, así como o estudo do efecto modulador desta actividade produtiva sobre contaminantes orgánicos específicos de orixe antropoxénica. Finalmente analizarase o balance redutor e concentrador de axentes microbianos e virais de risco.

Os traballos desenvolveranse inicialmente nas rías de Arousa e Muros-Noia, por seren as que presentan maior e menor intensidade de explotación acuícola respectivamente, nas cales se realizarán mostraxes das zonas interna, media e externa. Isto obedece a que, *a priori*, cada unha delas presentan niveis distintos de contaminación antropoxénica, en cada una delas concorren diferentes condicións oceanográficas como son a intensidade de correntes, a profundidade ou a natureza do substrato, entre outras. En cada unha delas estableceranse tres áreas de mostraxe: área de bateas de cultivo de mexillón, área afastada de bateas e área de litoral potencial receptora de partículas dos polígonos.

Nesta investigación están implicados o Instituto do Medio Acuático para unha Saúde Global (IARCUS) e o centro de investigación Cretus, dependentes da Universidade de Santiago de Compostela. Con este novo convenio, o Goberno galego continúa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reforzando a investigación galega como instrumento esencial para a procura de solucións aos problemas do sector marisqueiro. Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 que define as políticas de investigación e innovación da Comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APOIA CON 5 M€ MÁIS DE 200 PROXECTOS QUE EMPREGARÁN A MADEIRA NA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS E DOUTRAS EDIFICACIÓNS

- Os beneficiarios, que son pequenas e medianas empresas, incluídas as persoas autónomas, e as comunidades de montes, asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro; así como as persoas físicas, desfrutarán de axudas de ata o 70 % do gasto subvencionable
- O número de solicitudes recibidas, preto de 700, duplican as da convocatoria anterior, das cales 244 recibirán achegas que poden ir desde os 15.000 euros por proxecto, no caso das persoas físicas, até os 120.000 como máximo, no caso de obras en execución por empresas promotoras de edificacións en altura
- Esta actuación enmárcase na Axenda de impulso da industria forestal-madeira e ten como fin contribuír á loita contra o cambio climático e o fomento da prevención e xestión forestal sustentable e activa no territorio galego

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe os datos de concesión da convocatoria de axudas para a realización de proxectos e obras que empreguen a madeira como elemento estrutural na construción. Foron máis de 200 proxectos os que resultaron beneficiados dunha iniciativa impulsada pola Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), dependente da Consellería de Economía e Industria, que conta cun orzamento de 5 M€, a maior contía convocada para tal fin nos últimos anos.

Estas axudas, que se convocan de xeito bianual, están dirixidas a pequenas e medianas empresas, incluídas as persoas autónomas e as cooperativas, asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro; así como as persoas físicas, sexa de xeito individual ou en conxunto.

Así, 244 proxectos dun total de 682 solicitudes recibidas, case o dobre que na anterior convocatoria, están a recibir achegas que poden ir desde os 15.000 euros por proxecto, no caso das persoas físicas, até os 120.000 no caso de obras en execución por empresas promotoras de edificacións en altura, unha novidade nesta convocatoria que conta por primeira vez cunha partida específica para este tipo de construcións.

Beneficiarios

A convocatoria establece catro liñas de axudas en función do tipo de beneficiario e das accións subvencionables. Así, no caso das pemes, persoas autónomas e asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, públicas ou privadas, que desenvolvan a súa actividade en Galicia, subvencionouse a redacción de 65 proxectos (básico+execución) de construción nova, rehabilitación ou reforma de vivendas en altura, naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais (liña 1.1), cun máximo de 35.000 euros; así como tamén se concederon 57 achegas para facer fronte ao emprego de produtos de madeira en obra nova, rehabilitación ou reforma de vivendas en altura, naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais (liña 1.2), con partidas que van dos 20.000 euros ate os 40.000 euros segundo a porcentaxe de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

madeira empregada, ata un máximo de 70.000 euros por proxecto. No caso de edificacións en altura, poderían sumar 20.000 euros máis por planta ata un máximo de 120.000 euros.

No caso de persoas físicas, concedéronse 66 axudas para a redacción de proxectos (básico+execución) de construción nova, rehabilitación ou reforma de vivendas unifamiliares que empreguen produtos da madeira como elementos estruturais (liña 2.1), cun tope de 15.000 euros, e 56 axudas para o uso de produtos de madeira en obra nova, rehabilitación ou reforma de vivendas unifamiliares que empreguen produtos da madeira como elementos estruturais (liña 2.2), entre 20.000 e 40.000 euros ata un máximo acumulado de 45.000 euros.

En ambos os casos requírese que, cando menos, o 20 % do orzamento de execución material do proxecto corresponda a produtos da madeira ou derivados da madeira (incluída a súa colocación), que serán utilizados cunha finalidade estrutural, sistemas de compartimentación, envolvente ou acabamentos, excluído para o dito cómputo o uso da madeira nas carpintarías interiores, pavimentos interiores e acabamentos interiores.

Perfil dos proxectos subvencionados

Os investimentos subvencionados a través desta orde executaranse en 174 concellos das catro provincias galegas. Así, o 49 % das iniciativas desenvolveranse na provincia da Coruña, seguida de Pontevedra cun 27 %, Ourense cun 13 % e Lugo cun 11 %.

Con respecto ao tipo de actuación que se vai desenvolver, hai un equilibrio entre as accións no parque actual de inmobles (52 %) e obra nova (48 %). E atendendo aos usos da instalación, no caso de particulares (liñas 1.2 e 2.2), o uso das edificacións promovidas é de tipo residencial unifamiliar e, nas liñas 1.1 e 2.1, destinadas ás pemes, persoas autónomas ou entidades sen ánimo de lucro, entre outras, as bases reguladoras recollían un amplo abano de usos (industrial, comercial, recreativo, hoteleiro, oficinas, residencial colectivo, sanitario-asistencial, educativo e cultural), ben que a maioría das beneficiarias promoveron proxectos e obras vinculadas a actividades de aloxamento temporal ou uso hoteleiro.

Con esta liña de axudas, o Goberno galego busca a modernización do tecido industrial galego, contribuír á loita contra o cambio climático, afondar en políticas de eficiencia enerxética e achegar confort, saúde e benestar ás persoas que vaian habitar edificacións construídas en madeira. Pero sobre todo, impulsar a demanda de produtos de alto valor engadido producidos en clave de Galicia, impactando directamente no fomento e na prevención e xestión forestal sustentable e activa do territorio galego, de xeito tal que, se a madeira está rastrexada, co seu certificado de xestión forestal e cunha orixe nun bosque galego, a intensidade de axuda pode chegar ao 70 % do gasto subvencionable; de non ser así, atoparase no 50 %.

Estas achegas están enmarcadas dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira, ademais de estaren aliñadas nunha das metodoloxías do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pioneiro mercado autonómico voluntario de créditos de carbono que está a desenvolver o Goberno galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DE MELLORA DE 27 PARADAS DE AUTOBÚS EN 10 CONCELLOS DA CONTORNA DE PONTEVEDRA, O SALNÉS E TABEIRÓS

- As intervencións suporán un investimento autonómico que rolda os 635.000 euros
- Actuarase no ámbito das rutas de acceso polo norte á cidade de Pontevedra en 10 vías autonómicas ao paso polos concellos da Lama, Barro, Campo Lameiro, Catoira, Ponte Caldelas, Moraña, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Estrada e Forcarei
- As intervencións consisten na dotación de marquesiñas, na mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille e no incremento da visibilidade e iluminación
- A Xunta tamén deu conta hoxe da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para o citado proxecto
- O proxecto someterase nas vindeiras semanas á información pública, con efectos expropiatorios, co obxectivo de poder licitar e executar as obras ao longo do ano 2025
- Estas intervencións enmárcase no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe someter á información pública o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 27 paradas de autobús situadas en 10 concellos das contornas de Pontevedra, do Salnés e de Tabeirós, que suporán un investimento que rolda os 635.000 euros.

O Goberno galego tamén deu conta da aprobación provisional do proxecto, previa aos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estes proxectos de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús na Rede Autonómica de Estradas da Xunta de Galicia situadas nos concellos da Lama, Barro, Campo Lameiro, Catoira, Ponte Caldelas, Moraña, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Estrada e Forcarei.

Estes proxectos desenvolveranse nun total de 10 estradas de titularidade autonómica (PO-222, PO-223, PO-226, PO-255, PO-531, PO-532, PO-536, PO-548, PO-549 e PO-841). Estas intervencións afectarán un total de nove predios, polo que se dispón tamén a urxente ocupación para levar a cabo as intervencións. A superficie de expropiación definitiva é de 342,41 m².

En concreto, con este proxecto para actuar nas paradas do ámbito das rutas de acceso polo norte á cidade de Pontevedra, propónse mellorar dúas en Campo Lameiro, unha en Moraña, unha na Lama, catro en Ponte Caldelas, catro en Barro; sete en Vilagarcía de Arousa, catro en Vilanova de Arousa, dúas en Catoira, unha en Forcarei e unha na Estrada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actuacións

As actuacións proxectadas comprenderán o acondicionamento dos carrís para a parada do autobús, a mellora da accesibilidade e a pavimentación da contorna coa execución de sendas ou beirarrúas.

Ademais colocaranse refuxios deseñados pola Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluírán medidas de seguridade e procederase á eliminación de vexetación, á mellora da visibilidade e da iluminación ou á ampliación do espazo ao redor das paradas.

As actuacións tamén prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas.

O obxectivo é incrementar a captación de usuarios das zonas rurais afastadas dos grandes núcleos no uso do transporte público, fomentando a diminución do uso dos movementos de curto e medio percorrido en transporte privado, con orixe ou destino nas cidades de maior poboación, o que redundará nunha diminución das emisións de xeito gradual.

Tramitación

O proxecto provisional aprobado provisionalmente hoxe polo Executivo autonómico someterase nos vindeiros días ao trámite de información pública, por un prazo dun mes.

A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder aprobar o proxecto no primeiro trimestre de 2025, para a continuación realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras ao longo de 2025. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

Estes proxectos forman parte do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia.

Os proxectos están financiados ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea–NextGenerationEU e enmárcase no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente.

Imaxes exemplo de planta de actuacións que se van executar e tipoloxía das paradas que se instalarán nestas estradas autonómicas:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



MODELO RURAL



MODELO URBANO

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONSOLIDA O PROGRAMA DE DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO DE MAMA AO CONSTATAR O SEU IMPACTO NA REDUCIÓN DAS TAXAS DE MORTALIDADE

- A Consellería de Sanidade realizou dous estudos para analizar as características, a supervivencia e a evolución das mulleres con cancro de mama en Galicia, que avalan a eficacia do Programa de detección precoz e do Rexistro Galego de Tumores
- A probabilidade de morrer por cancro de mama foise reducindo paulatinamente, desde 1993, pasando dun 5,7 % ata o 1,8 %
- Do estudo da supervivencia nas mulleres diagnosticadas no Programa de detección precoz despréndese unha supervivencia por riba do 80 % logo de 25 anos desde o diagnóstico
- Os datos recollidos polo Rexistro Galego de Tumores reflicten que a supervivencia ao cancro de mama do total de mulleres estudadas foi do 93 % aos 5 anos do diagnóstico
- Estes datos demostran o esforzo e a coordinación dos profesionais da sanidade pública galega dedicados ao Programa de detección precoz e ao Rexistro Galego de Tumores
- Dada a evidencia na mellora da saúde da cidadanía, a Xunta seguirá a potenciar os programas de detección precoz do cancro de mama, colon, próstata, pulmón e cérvix
- O Goberno galego tamén seguirá a mellorar o rexistro de tumores, onde xa se está a traballar na incorporación de novas fontes de información ou novas tecnoloxías

O Consello da Xunta de hoxe abordou un informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade relativo á supervivencia ao cancro de mama en Galicia. Deste documento despréndese unha importante redución das taxas de mortalidade no período en que leva implantado o Programa galego de detección precoz do cancro de mama, posto en marcha pola Xunta no ano 1992.

Tal e como se detalla no informe, o departamento sanitario galego realizou dous estudos para analizar as características, a supervivencia e evolución das mulleres con cancro de mama en Galicia.

A Consellería de Sanidade estudou, por unha banda, a supervivencia nas mulleres diagnosticadas a través do Programa galego de detección precoz do cancro de mama durante o período 1993-2020.

Sanidade tamén estudou, a partir dos datos do Rexistro Galego de Tumores (Regat), a supervivencia a cinco anos de todas as mulleres diagnosticadas en 2015 e 2016, tanto a través do programa de prevención como fóra del, para, deste modo, complementar o estudo anterior e potenciar o valor deste rexistro como ferramenta na vixilancia do cancro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Datos da supervivencia

Do estudo da supervivencia nas mulleres diagnosticadas no Programa de detección precoz entre 1993 e 2020 despréndese que esta porcentaxe se sitúa por riba do 80 % aos 25 anos desde o diagnóstico, e que mellorou ao longo do tempo.

Aos cinco anos sobreviven o 95,3 % das mulleres e, se o cancro de mama fose a única causa de morte posible, estarían vivas o 97 % delas.

Cómpre remarcar a importante redución observada das taxas de mortalidade nas décadas que leva implantado o Programa de detección precoz da Xunta (1992). En concreto, a probabilidade de morrer por cancro de mama foise reducindo paulatinamente, desde un 5,7 % no primeiro período do estudo (1993-2007), ata o 1,8 % no último (2008-2020).

Ademais, o 92 % dos casos foron diagnosticados en estadio 1 (62 %) ou 2 (30 %). Ao respecto, a supervivencia para as mulleres en estadio 1 é do 99,6 % e do 62 % para as de estadio 4. A supervivencia no caso de afectación ganglionar é do 87 % aos 10 anos e do 97 % nas mulleres sen ganglios afectados.

A mellora da supervivencia desde a implantación do programa de prevención da Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia débese ao aumento dos tumores diagnosticados en estadio 1 (o cal forma parte dos obxectivos específicos deste) e ás melloras terapéuticas implantadas desde o inicio do período estudado.

Datos do Rexistro Galego de Tumores

Dos datos recollidos do Rexistro Galego de Tumores durante 2015 e 2016 despréndese que o 53 % dos cancros detectáronse por medio do Programa de detección precoz, o 20 % foron cancro de intervalo, é dicir, detectado despois dunha exploración negativa realizada polo programa e antes da seguinte exploración, e o 27 % diagnosticáronse á marxe do programa.

A supervivencia ao cancro de mama do total de mulleres estudadas foi do 93 % aos cinco anos do diagnóstico. As mulleres diagnosticadas polo programa da Xunta presentaron mellores resultados de supervivencia aos cinco anos (97,8 %) que as diagnosticadas con cancro de intervalo ou á marxe do programa (88,6 % conxuntamente).

Os tres grupos de mulleres comparadas presentaron un perfil diferente en canto á idade e ás características tumorais. As ditas diferenzas xustificaron a mellor supervivencia nas mulleres cribadas no programa, xa que presentaron estadios menos avanzados e cancros menos agresivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Eficacia do programa e do REGAT

Os datos recollidos no informe abordado na reunión semanal do Goberno galego avalan a eficacia do Programa de detección precoz da Xunta, que está ben asentado, estruturado e monitorizado ao longo de todos os seus procesos, así como amplamente recoñecido pola poboación galega, xa que conta cunha ampla participación que supera o 80 %.

Estes bos resultados tamén avalan a eficacia do Rexistro Galego de Tumores, altamente automatizado e que recolle información individual exhaustiva de todos os tumores que inciden na poboación galega.

Xunto co anterior, os datos demostran o esforzo e a coordinación dos profesionais da sanidade pública galega dedicados ao programa e ao rexistro de tumores, que inclúe 24 unidades de exploración mamográfica, tres unidades de avaliación radiolóxica e 14 unidades de diagnóstico e tratamento integradas nos hospitais do Sergas onde se realiza a valoración clínica adicional, ademais dunha unidade de rexistro de tumores.

A Xunta seguirá a traballar nos seus programas de detección precoz do cancro (mama, pulmón, cervix, colorrectal, próstata), dado que se evidencia a súa repercusión na mellora da saúde da cidadanía galega. Tamén seguirá a mellorar o rexistro de tumores, onde xa se está a traballar na incorporación de novas fontes de información ou novas tecnoloxías.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS FEIRAS DO LIBRO SUMARON MÁIS DE 17.000 VISITANTES E 900 ACTIVIDADES NA EDICIÓN DESTE ANO

- O Consello da Xunta de Galicia avalía o informe das citas desde 2022, no cal se manifesta o incremento en máis de 1.000 asistentes e máis de 600 propostas
- No circuío impulsado polo Goberno galego e a Federación de Librarías de Galicia vendéronse 55.000 exemplares que xeraron un volume de negocio de 800.000 euros
- A Administración autonómica apoia tamén a participación de editoriais e profesionais do libro en cinco eventos internacionais con 200.000 euros

As feiras do libro sumaron máis de 17.000 visitantes e posibilitaron a celebración de 900 actividades na edición deste ano. Así se desprende do informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, no cal se analiza a evolución destas citas entre os anos 2022 e 2024. Así, tal e como se recolle neste estudo, este ano celebráronse 13 citas que contaron coa realización de iniciativas como a sinatura de libros, presentación de novidades, recomendacións literarias, charlas e coloquios con creadores, espectáculos, musicais e propostas específicas para o público infantil. O documento pon de manifesto tamén que o número de participantes nesta edición medrou en relación con 2022 en máis de 10.000 persoas e contou con 600 actividades máis.

Ademais, a través dos datos facilitados pola Federación de Librarías de Galicia, do total de asistentes, máis do 80 % mercaron algún libro. Deste xeito, vendéronse un total de 55.000 exemplares, dos cales o 35 % estaban escritos en galego, xerando máis de 800.000 euros de volume de negocio e un retorno para a sociedade por cada euro investido de 1,93 euros.

Dentro da estratexia da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude tamén se apoia a participación en eventos internacionais con 200.000 € anuais para asistir a cinco feiras de todo o mundo: *Liber*, en España; Frankfurt, en Alemaña; Boloña, en Italia; Bos Aires, en Arxentina, e Guadalajara, en México. Trátase dunhas citas que, segundo o análise, rexistran cada ano un importante incremento nas peticións de asistencia, pasando de 8 en 2022 a 27 neste mesmo ano.

Neste senso, tamén se rexistra un aumento no número de editoriais que envían libros para que se expoñan no espazo, contando coa participación de 14 editoriais e manexando un volume de títulos que roldan os 250.

O obxectivo destas feiras é buscar a proxección tanto da industria editorial galega como da creación literaria dos autores e autoras da Comunidade, ofrecendo un espazo institucional. Ao abeiro destes datos, queda constatada a case plena recuperación da participación que se viu fortemente reducida por mor da covid-19.

Hábitos lectores da poboación galega

Este tipo de iniciativas impulsadas polo Goberno galego a prol da lectura buscan dinamizar o sector libreiro e tamén dar a coñecer a ampla produción literaria da Comunidade nos mercados internacionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste senso, cómpre destacar que en 2022 a lectura era o terceiro hábito cultural máis frecuente en Galicia, ocupando o 63,9 % da poboación, por detrás de escoitar música e ver televisión. Ademais, a porcentaxe actual de persoas lectoras entre a poboación de 14 ou máis anos sitúase no 96,9 %, indicador que alude a aquelas persoas que len algún tipo de material, en calquera formato ou soporte, polo menos unha vez ao trimestre.

No que se refire especificamente á lectura de libros, se atendemos só a razóns de ocio, o 62,9 % dos galegos le libros no seu tempo libre, é dicir, sen contar razóns de estudo ou traballo, polo menos unha vez ao trimestre, e un 52,4 % un mínimo dunha vez á semana. En canto á lingua, o 61,2 % dos lectores maiores de 14 anos len en galego, ben sexa de maneira habitual ou ocasionalmente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA PRIORIZA E REFORZA O APOIO Á INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE AMPLIANDO ATA MÁIS DE 30 M€ AS AXUDAS AOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

- O Consello da Xunta avaliou un informe sobre as accións do Goberno galego a prol da integración laboral das persoas con discapacidade no cal se especifica que está a tramitar este aumento na contía das achegas
- Deste xeito prevense atender todas as solicitudes presentadas, coas que se estima beneficiar en total unhas 4.400 persoas traballadoras con discapacidade
- Nos últimos 14 anos, o número de persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia triplicouse, nun incremento que foi parello ao esforzo inversor da Xunta, que leva destinados máis de 126 M€ a esta liña de apoio nos últimos seis anos
- Estas axudas encádranse nos diferentes programas da Xunta de apoio e integración sociolaboral de persoas con discapacidade ou persoas en exclusión social, que se consolidarán no marco da Estratexia de economía social Horizonte 2027

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o apoio do Goberno galego á integración laboral das persoas con discapacidade, no cal se especifica que está a tramitar unha ampliación de arredor de 5 millóns de euros na última convocatoria de axudas aos 130 centros especiais de emprego (CEE) rexistrados en Galicia para reforzar a inserción laboral deste colectivo. Deste xeito, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destinará máis de 30 millóns de euros en total a estes apoios, que abranguen de decembro de 2023 a novembro deste ano.

Esta suba realizarase apoiándose en remanentes orzamentarios para priorizar a atención ás persoas con discapacidade na contorna laboral, e con ela prevense atender todas as solicitudes presentadas, coas que se estima beneficiar en total unhas 4.400 persoas traballadoras con discapacidade -400 máis que as previstas inicialmente- e crear máis de 160 postos de traballo indefinido. Ademais, reforzarase o apoio ás persoas con especiais dificultades para acceder ao mercado de traballo.

Esta convocatoria inclúe tres liñas de achega. Unha para o mantemento do custo salarial e os empregos das persoas traballadoras con discapacidade nos centros especiais de emprego, que recibirán importes equivalentes ao 50 % do salario mínimo interprofesional (SMI) e que é a liña que conta con máis orzamento -superior aos 23 millóns de euros-. Outra para financiar as unidades de apoio á actividade profesional e unha terceira que promoverá a creación de postos estables para persoas con discapacidade e a adaptación de postos e asistencia técnica nestes centros.

Esta última convocatoria incluíu como novidade incentivos polo paso de traballadores con discapacidade á empresa ordinaria e, con esta iniciativa, o Goberno galego está a favorecer a integración laboral de persoas con discapacidade no sistema produtivo a través destes centros especiais de emprego, un mecanismo que pode servir de tránsito

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ao seu paso ao mercado ordinario de traballo. Nos últimos 14 anos, o número de persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia triplicouse, pasando das preto de 1.300 persoas de 2009 ás case 4.000 do pasado ano, nunha tendencia á alza que se seguirá consolidando no 2024.

O incremento de persoas con discapacidade nos CEE foi parello ao investimento da Administración galega. Deste xeito, con esta ampliación na contía da última convocatoria de axudas, a Xunta leva destinados a estes apoios nos últimos seis anos máis de 126 millóns de euros, incrementando esta orde de axudas en máis dun 50 % desde 2019.

Estratexia de economía social Horizonte 2027

Estas axudas encádranse nos diferentes programas da Xunta de apoio e integración laboral de persoas con discapacidade ou en exclusión social, que se consolidarán no marco da Estratexia de economía social Horizonte 2027. Neste punto cómpre destacar as axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, cun crédito ampliado a 1,5 millóns de euros; así como o Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego, por importe de 6 millóns.

A maiores, Galicia aposta e é referente na contratación reservada, co fin de que participen de xeito exclusivo nos seus procesos de licitación empresas de inserción ou centros especiais de emprego de iniciativa social. A finalidade é brindar maiores oportunidades de emprego de calidade ás persoas en situación ou risco de exclusión social ou que presentan máis dificultades para o acceso ao mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A POSTA EN MARCHA ESTA SEMANA DUNHA NOVA EDICIÓN DO BONO ACTIVA COMERCIO DOTADA CON 2,5 M€ PARA SEGUIR IMPULSANDO AS VENDAS NOS NEGOCIOS LOCAIS

- O Consello do Goberno galego analizou un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre a segunda convocatoria de axudas deste ano dos bonos Activa Comercio que publicará mañá o *Diario Oficial de Galicia*
- Explicou que os negocios que desexen participar no programa poderán adherirse atendendo ao que estableza a orde desta iniciativa, mentres que cada cidadán poderá descargar un bono desconto de ata 30 euros a partir do próximo 4 de novembro
- Os bonos descargados poderanse utilizar ata que o importe total dos descontos realizados en compravendas alcance o orzamento da convocatoria
- As edicións anteriores desta iniciativa contribuíron á reactivación das vendas no comercio local e a incentivar a demanda das persoas consumidoras, mobilizándose no sector comercial retalista máis de 77 millóns de euros
- Esta iniciativa enmárcase nas medidas do Goberno galego para revitalizar o comercio de proximidade, obxectivo polo que está a elaborar o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 que se prevé ter listo no primeiro trimestre do ano que vén

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre a segunda edición dos bonos Activa Comercio 2024, dotada con 2,5 millóns de euros e que, tal e como indicou o titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, publicará mañá o *Diario Oficial de Galicia*, abrindo o prazo para que os establecementos se adhiran e posteriormente se poidan beneficiar todas as persoas interesadas. "Con este acordo de hoxe, en total, destinamos 5 millóns de euros neste 2024 a esta iniciativa", explicou, xa que a esta contía súmanse os outros 2,5 millóns de euros destinados á anterior edición publicada o pasado mes de abril.

Este programa ten como obxectivo a "potenciación do comercio local" e incentivar a demanda comercial, axudando economicamente as persoas consumidoras, e fomentar o consumo nos establecementos comerciais retalistas adheridos á campaña. Con esta nova edición, "o Goberno galego prevé mobilizar máis de 8,5 millóns de euros" en vendas nos establecementos comerciais de proximidade de Galicia.

"Cada bono terá un desconto de 30 euros", sinalou Rueda, que servirán para as compras realizadas nos comercios adheridos e os negocios que desexen participar nesta iniciativa poderán inscribirse a partir do 23 de outubro atendendo ao que estableza a orde que publicará mañá o DOG. A partir do 4 de novembro, as persoas consumidoras interesadas poderán descargar o bono desconto na web www.bonosactivacomercio.gal.

Os bonos terán formato dixital QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha aplicación móbil. O importe irase reducindo en función do valor da compra. Así, tal e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como apuntou o presidente da Xunta, será de “5 euros para compras de entre 20 e 30 €; 10 euros de rebaixa para compras de entre 30 e 50 €; e 15 euros no caso de superar os 50 € de compra”.

Como en anteriores ocasións, “cada persoa poderá descargar un único bono”, e non se limitará o número de usuarios que poden descargar os bonos, senón que cando o importe total dos descontos realizados alcance os 2,5 millóns de euros, os bonos descargados xa non se poderán utilizar.

Edicións anteriores

As edicións anteriores desta iniciativa, iniciada no 2021, contribuíron á reactivación das vendas no comercio local e a incentivar a demanda das persoas consumidoras, mobilizándose no sector comercial retalista máis de 77 millóns de euros.

A última edición, convocada en abril deste ano, saldouse, como apuntou Rueda, con “máis de 6.800 comercios adheridos en toda Galicia, preto de 300.000 bonos descargados e arredor de 12 millóns de euros mobilizados en compras”, dos cales a Xunta puxo á disposición un crédito de 2,5 millóns de euros en descontos de ata 30 euros por persoa.

Medidas para revitalizar o comercio local

O bono Activa Comercio é unha das medidas para revitalizar o comercio de proximidade e súmase a outras actuacións destinadas, por exemplo, a potenciar as prazas de abastos, co obxectivo de incrementar a competitividade deste sector e incentivar o consumo, así como a xeración de puntos de atracción comercial nas cidades e vilas galegas.

Outra iniciativa da que está aberta a convocatoria son os Premios do comercio galego 2024, para recoñecer o labor dos profesionais do sector comercial e contribuír á súa difusión como panca para o desenvolvemento económico e social das vilas e cidades galegas. Os establecementos interesados en optar aos galardóns poderán presentar as súas candidaturas ata o próximo 28 deste mes de outubro.

A maiores, o Goberno galego está a traballar na elaboración do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que se prevé ter listo no primeiro trimestre do ano que vén e que ten como obxectivo potenciar o comercio local e impulsar a súa competitividade. Neste sentido, estanse a facer encontros participativos con comerciantes e representantes de asociacións das catro provincias galegas.